

ULTREIA

REVISTA DE POLÍTICA REXIONAL EUROPEA

NUM. 10 / DECEMBRO 2012

“GALICIA FAI UN BO USO DOS FONDOS EUROPEOS”

ENTREVISTA CON JOHANNES HAHN,
COMISARIO DE POLÍTICA REXIONAL DA UE



FONTEAO RECUPERA A MEMORIA DA MINARÍA EN GALICIA / A AGORA NA MONTAÑA MÁXICA DA CORUÑA /
O FONDO TECNOLÓXICO REACTIVA A INNOVACIÓN / INICIATIVAS CONTRA O FRACASO ESCOLAR

XUNTA DE GALICIA

Reforzo, orientación e apoio co programa MORA

UN SALVAVIDAS CONTRA O FRACASO ESCOLAR

CADA ANO VARIOS MILLEIROS DE MOZOS E MOZAS GALEGOS CON DIFICULTADES PARA SEGUIREN CON NORMALIDADE A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA INTÉGRANSE NO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR, UNHA INICIATIVA PROMOVIDA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E COFINANCIADA POLO FONDO SOCIAL EUROPEO. AS MEDIDAS DE ORIENTACIÓN, REFORZO E APOIO (MORA) PARA OS ESTUDANTES TÉÑENSE CONVERTIDO NUN ÉXITO

Se algo teñen claro os profesores galegos é que non todos os procesos de aprendizaxe son iguais nin se conseguen os mesmos resultados. As medidas de orientación, reforzo e apoio, coñecidas como o Programa MORA, naceron das necesidades especiais de determinados alumnos e alumnas para remataren a Ensinanza Secundaria Obrigatoria. Un dos institutos de Galicia que máis ten afondado no Programa Operativo do Fondo Social Europeo en Galicia 2007-2013 é o IES Sofía Casanova de Ferrol, no que un 90% dos alumnos que participan no programa conseguen titularse na ESO.

O seu director, Juan Rodríguez Silvar, explica que algúns dos alumnos e alumnas poden presentar dificultades de aprendizaxe cuxa orixe se pode atopar na base coa que che-

gan aos últimos cursos da ESO, ou ben ser froito dunha escolarización irregular ou mesmo que o alumno proveña do estranxeiro, unha característica que pode impedir que o escolar desenvolva a súa aprendizaxe escolar con normalidade. Entre estas circunstancias poden estar a historia escolar, os intereses, as motivacións ou o ritmo de aprendizaxe, aspectos que fan que este alumnado precise unha flexibilidade do currículo e unha atención específica, así como a implantación simultánea de medidas organizativas distintas.

Esta serie de supostos, unidos a outros de tipo social, familiar ou educativo, son a orixe dos programas de diversificación curricular a través dos cales se adecúa a educación á diversidade de aptitudes, intereses e expectativas e necesidades do alumnado. O fin que se persegue é o mesmo para todos eles: adquirir as competencias básicas e alcanzar os obxectivos xerais da etapa para obter o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Para iso, a ensinanza pasa a ser máis individualizada, con atención preferente ás súas necesidades, non só de tipo curricular senón tamén de desenvolvemento persoal.

Neste punto é onde Juan Rodríguez Silvar se detén e sinala un factor determinante para que o proceso se remate con éxito. "A actitude debe ser favorable á aprendizaxe",




explica. Segundo o director do IES Sofía Casanova, non só é preciso que os pais dean a súa conformidade para que o alumno ou alumna entre no programa, senón que el mesmo debe estar convencido da importancia e da necesidade de seguir a súa formación pola vía da diversificación curricular.

Non é a única condición que cita Silvar, quen tamén lles concede relevancia ao profesorado que atende os grupos e á súa disposición para o traballo. O director do centro ferrolán lembra que a implantación e a boa marcha do programa MORA está relacionada coa dedicación "de compañeiros e xente moi vocacional e entregada". Foron eles, segundo cita Silvar, os que colaboraron no labor de prestixiar o proceso e conseguir uns resultados que influíron en que tanto o ámbito educativo coma os pais pasasen de veren uns programas dificultosos a teren un cambio de mentalidade en positivo.

O peso da inmigración
Co paso dos anos, abunda, os programas de diversificación curricular "téñense convertido nunha ferramenta de integración francamente boa". Silvar cita como exemplo o caso concreto dunha alumna india que chegou a Galicia sen saber falar galego nin castelán e que grazas ás medidas aplicadas no marco do programa MORA foi quen de obter o título da ESO. Non é un caso illado, senón todo o contrario. Hai centros educativos de cidades e localidades galegas nos que se ten notado de xeito especial o aumento da poboación que se ten producido a conta da chegada de inmigrantes, unha nova realidade á que ás veces tamén se lle dá resposta a través deste tipo de iniciativas.

Son obxecto deste programa aqueles mozos e mozas que teñan cursado o segundo curso da Secunda-



O DIRECTOR DO INSTITUTO FERROLÁN "SOFÍA CASANOVA" APUNTA QUE A IMPLANTACIÓN E A BOA MARCHA DO PROGRAMA MORA ESTÁ RELACIONADA DIRECTAMENTE COA DEDICACIÓN DE "COMPAÑEIROS CON MOITA VOCACIÓN E MOI ENTREGADOS"

O INVESTIMENTO NOS ÚLTIMOS SEIS ANOS DESTA INICIATIVA DE AXUDA AOS ESTUDANTES SUPERA OS 40 MILLÓNS DE EUROS, DOS CALES O 80% TEÑEN O COFINCIAMENTO DO FONDO SOCIAL EUROPEO

ria e non se atopan en condicións de acceder ao curso seguinte e que repetisen xa algunha vez; os que estean en 3º curso sen opción de avanzar, os que repitan e non superasen o 3º curso e os que se atopan en 4º curso sen superalo e xa teñan repetido nalgunha outra ocasión na etapa. Os programas de diversificación curricular teñen unha duración de dous anos, aínda que hai excepcións nas que se establece un único ano, destinados a aqueles alumnos

que cursasen o cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou que repetisen o terceiro curso sen superalo. O límite de alumnado por grupo está fixado nos dez alumnos. A cantidade mínima para a súa formación é de cinco estudantes.

O investimento no programa MORA do que se beneficiaron 40.335 mozos e mozas galegos desde a súa implantación no curso escolar 2006-2007 ascende aos 40,2 mi-

llóns de euros, dos cales o 80% está cofinanciado polo FSE. O orzamento inclúe os gastos de funcionamento e tamén o pagamento ao profesorado responsable dos ámbitos sociolingüístico e científico-técnico. Seguindo coas cifras, no caso do IES Sofía Casanova o grao de éxito aproxímase ao 90% do alumnado participante, de xeito que dos 101 alumnos escolarizados no programa de diversificación curricular, 91 deles conseguiron o título de graduado en ESO. Desde o centro fan fincapé en que se trata dun importante número de alumnos "que probablemente non o obterían pola vía ordinaria".

Beneficiados en toda Galicia

Durante o ano 2011 estas medidas de apoio desenvolvéronse en 304 centros educativos da Comunidade Autónoma, a maioría deles, 264, a través de programas de diversificación curricular e o resto de centros, e os 40 restantes a través de agrupamentos específicos. Impartíronse 217 programas de diversificación curricular de 3º curso da educación secundaria obrigatoria e 234 programas de 4º curso. Os alumnos beneficiados foron un total de 4.505, dos cales 2.315 foron mozos e 2.190 mozas.

O equipo de profesionais que en cada centro definen as materias e o currículo para implantar dedícanse ademais a fomentar a participación activa do alumnado, tanto de xeito individual coma no traballo en grupo. Todos eles insisten na importancia de que o alumando sexa capaz "de aprender a aprender" e de aumentar o grao de autonomía persoal. Non en van o director do IES Sofía Casanova describe a ferramenta como "un auténtico salvavidas para a diminución do fracaso escolar".

O PROGRAMA PROA POTENCIA A CAPACIDADE DO ALUMNO ADOLESCENTE

O programa Proa potencia a aprendizaxe e o rendemento escolar do alumnado mellorando as expectativas sobre as súas propias capacidades, axudando na formación do seu autoconceito e mais na súa integración social. Tamén busca facilitar a continuidade na progresión da acción educativa e incrementar a relación e a comunicación coas familias favorecendo así a súa implicación no desenvolvemento dos seus fillos e fillas. O que se busca é un alumnado motivado, un profesorado comprometido co seu labor e unha familia implicada coas actividades escolares como eixes clave do incremento da taxa de éxito escolar. En definitiva, a educación entendida como unha responsabilidade colectiva, desenvolvida ao longo de toda a vida e cunha forte influencia do contexto territorial e social no que se vive. Os obxectivos específicos son: lograr o acceso a unha educación de calidade para todos, enriquecer a redonda educativa e implicar a comunidade local.


As accións desenvolvidas en Galicia céntranse no acompañamento escolar en primaria e secundaria e nun programa e liñas de actuación de apoio e reforzo a centros de educación secundaria. 145 colexios e institutos da Comunidade asinaron contratos-programa, un deles foi o CEIP Ramón Cabanillas de Santiago de Compostela. Neste centro un total de 28 alumnos e alumnas beneficiáronse o pasado curso das iniciativas postas en marcha ao abeiro do contrato-programa asinado coa

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Neste caso concreto, a Consellería comprometeuse a dotar o centro dun docente a media xornada, así como a proporcionarlle ao colexio gratificacións pola coordinación das actuacións a través dunha achega adicional de 14.000 euros para gastos xerais de funcionamento e transporte escolar derivadas do desenvolvemento desta iniciativa. O contrato-programa asinado entre o colexio compostelán e a Xunta de Galicia concentrou as súas actuacións nas estratexias de comprensión lectora, técnicas de escritura creativa e técnicas de velocidade lectora.

O responsable da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, destaca a implicación dos centros educativos no desenvolvemento da iniciativa, ademais de facer fincapé na importancia dos docentes implicados, un total de 464 profesionais, "sen cuxo apoio non sería posible a mellora da educación", esgrime. Os 11.663 alumnos beneficiados polo Plan Proa no pasado curso escolar centraron os seus esforzos na mellora da lectura, escritura e cálculo (62,5%), participando no programa de reforzo, orientación e apoio (27,9%), e o 9,6% restante a través das liñas de mellora da convivencia escolar, a redución do abandono escolar e a mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

O conselleiro de Cultura, Edu-



cación e Ordenación Universitaria agradece a boa acollida que a iniciativa tivo nos centros de ensino o que, segundo subliña, "demostra que a mellora da calidade formativa é un obxectivo e un compromiso de toda a comunidade educativa galega, desde os docentes ás familias e contando coa axuda da administración". Destaca ademais que "é o momento de traballar de forma conxunta no seu desenvolvemento, implicando a toda a sociedade na tarefa de construír un sistema educativo de calidade, capaz de orientar a formación dos alumnos tendo en conta as súas capacidades e intereses".

A convocatoria dos contratos-programa realizouse por primeira vez o curso pasado. A Xunta, a través da Consellería, adquiriu o compromiso de dotar os centros dos recursos necesarios para o desenvolvemento de programas específicos para a mellora das necesidades de cada un deles. A maiores, certifícase como actividade de innovación educativa a participación do profesorado no desenvolvemento destas accións, que ademais se poden difundir como exemplo de boas prácticas no eido do ensino. Correspondeulle a cada un dos centros participantes analizar a súa situación concreta e propor medidas

específicas de actuación, de xeito que o programa deseñado lles dese resposta ás súas necesidades reais.

O contido para desenvolver concretouse nun contrato-programa entre o centro e a administración no que se reflicte a súa duración, as actuacións para desenvolver, os logros que se queren acadar e os indicadores para a súa medida e seguimento. Todos os centros traballaron ao redor de cinco liñas mestras de actuación: o reforzo, a orientación e o apoio; a mellora da lectura, da escritura e do cálculo; a mellora da convivencia; a redución do abandono escolar; e a mellora do nivel de coñecemento para acadar a excelencia.

Actividades

Nesta liña de accións conviven dúas modalidades: a de acompañamento escolar (fóra do horario lectivo) e a de apoio (no horario lectivo). Na primeira delas os docentes participan como acompañantes a cambio dunha gratificación extraordinaria. Son accións dirixidas ao alumnado de segundo e terceiro ciclo de educación primaria e de toda a secundaria obrigatoria que presente dificultades e problemas de aprendizaxe ou que se atope en desvantaxe educativa por causa do contorno sociocultural no que se desenvolve.

As actividades van encamiñadas á adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, incremento do hábito lector ou mellora da integración social, no grupo e no centro.

A modalidade de apoio diríxese ao alumnado de educación secundaria obrigatoria e recolle a atención directa ao alumnado, pero tamén a intervención coas familias e na súa contorna a través, por exemplo, de obradoiros de actividades extraescolares. A mellora da escritura, da lectura e do cálculo diríxese ao alumnado do ensino obrigatorio, primaria e ESO e incide na mellora da competencia lingüística, do hábito lector e do razoamento lóxico-matemático. As medidas de mellora da convivencia están enfocadas para a educación primaria e secundaria obrigatoria con alumnado que presente alteracións do comportamento ou problemas graves de conduta.

Entre as actividades desenvolvidas nos centros galegos atópanse medidas encamiñadas a promoveren un axeitado clima de aula e de centro, favorecendo a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos, como o alumnado inmigrante, o retornado, ou aquel que se atope en risco de exclusión social.